



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

ACTA 2016-5

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO ORDINARIO
3 de Agosto de 2016

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

13:30

Hora de Finalización

14:45

Presidente: JOSE LUIS SUAREZ MARTINEZ
Secretario: PAULINO FERNANDEZ SALGADO

MEMBROS ASISTENTES

ALBERTO RODRIGUEZ GARCIA
DELFIN BOO PAYO
DELFIN FIDALGO CARBALLO
FRANCISCO JAVIER LIMIA FEIJOO
MARIA DEL CARMEN SOLA PEREZ
MARIA ROSA GONZALEZ RIVERO
MARINA SALGADO CARNERO
SALVADOR ZARRAQUIÑOS SEGUIN
SERAFIN AUGUSTO DAMEA
YOLANDA DOMINGUEZ GALLEGO

A Presidencia declara aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA DO 6 DE XUÑO DE 2016

O alcalde pregunta aos membros asistentes se teñen algunha observación que formular ao borrador das actas da sesión ordinaria e extraordinaria do 6 de xuño de 2016. Non se formula ningunha obxección a ambas as dúas actas, polo que se aproban por unanimidade.

A continuación, o alcalde comenta:

- Hai a orde do día establecida pero como o alcalde ten a facultade de alteralo e como están aquí membros da Asociación Cultural Monterrei Cultura e Territorio, imos empezar, se vos parece, pola declaración do título de fillo predilecto a Joaquín Balboa García. Empezamos por ese punto e así se queren quedar ao Pleno, pois quedan.

DECLARACIÓN DO TÍTULO DE FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DE MONTERREI A JOAQUÍN BALBOA GARCÍA

A Asociación Cultural Monterrei Cultura e Territorio, presenta no Concello o día 22 de marzo de 2016 un escrito no que solicita a declaración de fillo predilecto de Monterrei a Joaquín Balboa García, nado en Estevesiños e preso no campo de concentración de Mauthausen durante a Segunda Guerra Mundial.

Joaquín Balboa, republicano exiliado en Francia trala Guerra Civil, foi apresado neste país



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

polos nazis e levado dun campo de prisioneiros a outro ata que acabou no campo de concentración de Mauthausen, en Austria, onde sufriu na súa propia pel o uso da violencia e a opresión dun réxime totalitario e de terror.

O alcalde engade que grazas ao sacrificio de Joaquín e a outro moitos que foron perseguidos por razóns políticas ou ideolóxicas, hoxe vivimos na Europa democrática que eles todos soñaron. A entrega deses anos da súa vida en reclusión na defensa dos valores democráticos é motivo máis que xustificado para recoñecerlle o título de fillo predilecto de Monterrei e realizarlle a homenaxe que merece.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Persoal, Réxime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación, do 29 de xullo de 2016.

O Pleno, por unanimidade, ACORDA o recoñecemento do título de fillo predilecto de Monterrei a Joaquín Balboa García e a realización dunha homenaxe o día 6 de agosto de 2016 na súa localidade natal, Estevesiños.

O alcalde engade:

- Eu creo que é un título máis que merecido de fillo predilecto a Joaquín Balboa García, e quero animar á xente a que participe nos diferentes actos que ten organizados a Asociación Cultural Monterrei Cultura e Territorio e no acto do día 6 de agosto en Estevesiños. Un aplauso por esta iniciativa.

DAR CONTA DA RENUNCIA DA CONCELLEIRA MARINA SALGADO CARNERO Á SÚA DEDICACIÓN PARCIAL

Dáse conta do escrito presentado pola concelleira, Marina Salgado Carnero, do 20 de xullo de 2016, no cal comunica ao Concello a súa renuncia ao cargo como concelleira delegada e polo tanto á súa dedicación parcial a partir do 1 de agosto de 2016.

O Pleno dáse por informado.

Toma a palabra o alcalde para dicir:

- É unha dación de conta, eu neste punto o único que quero manifestar é o meu agradecemento a Marina Salgado polos servizos prestados. Creo que fixemos moito neste último ano e eu o que destacaría de Marina é a súa dedicación, a súa profesionalidade e, de corazón, Marina, moitas grazas por este último ano.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECEMENTO DUNHA DEDICACIÓN PARCIAL A FAVOR DA CONCELLEIRA MARÍA ROSA GONZÁLEZ RIVERO

Antes de pasar a tratar este asunto, abandona a sesión a concelleira María Rosa González Rivero, por ter interese directo no asunto.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión informativa de Persoal, Réxime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación, do día 29 de xullo de 2016.

A continuación, a Presidencia propón ao Pleno o recoñecemento da dedicación parcial, de catro horas diarias, a favor da concelleira María Rosa González Rivero, con base no artigo 75 da Lei de bases do réxime local, tendo en conta que o volume de traballo do Concello require esta dedicación, cunha retribución mensual de mil euros (1.000 €), con catorce pagas ao ano e o pagamento da seguridade social con cargo a este concello, na parte que lle corresponda.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

O voceiro do BNG, Alberto Rodríguez García, di que el se vai abster e a voceira do Grupo Veciños de Monterrei, María del Carmen Sola Pérez, di que eles tamén porque consideran que é unha decisión do grupo de goberno.

O alcalde argumenta:

- Trátase de dar continuidade ao acordado no 2015 con respecto ás dedicacións dos órganos de goberno deste concello. A atención aos veciños é unha prioridade do equipo de goberno e así seguirá sendo. Tivemos de momento a Marina e no seguinte ano teremos a Rosa para continuar co excelente labor levado a cabo. Non ten máis efectos que o simple cambio de persoa, pero a maneira de traballar vai ser a mesma: dedicación, trato e atención aos veciños e resolución dos seus problemas.

O Pleno, por seis votos a favor do Grupo Popular e catro abstencións de Veciños de Monterrei e o BNG, ACORDA aprobar a proposta da Presidencia e recoñecerlle a dedicación parcial á concelleira María Rosa González Rivero.

A continuación, ao seren as 13.37 h, volve entrar no salón de sesións a concelleira María Rosa González Rivero, que pasa a ocupar o seu sitio.

DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 20 DE XULLO DE 2016 POLO QUE SE NOMEA A MARÍA ROSA GONZÁLEZ RIVERO COMO CONCELEIRA DELEGADA

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, do 20 de xullo de 2016, a cal é do seguinte teor literal:

"Logo de ver o escrito presentado por Marina Salgado Carnero, de data 20 de xullo de 2016, no que presenta a súa renuncia ao cargo de concelleira delegada, no uso das facultades que me outorgan os artigos 21 da Lei 7/85, o artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, RESOLVO:

Efectuar a favor da concelleira María Rosa González Rivero unha delegación específica, a partir do día 1 de agosto de 2016, para a xestión de asuntos relacionados coa atención ao cidadán e xestión ordinaria do Concello, coa sinatura para actos de trámite (certificados, informes e solicitudes), sen que se inclúa a facultade de ditar actos administrativos con eficacia ante terceiros."

O Pleno dáse por informado.

Pide a agora a palabra a voceira do Grupo Veciños de Monterrei e di:

- Podemos intervir agora?

O alcalde respóndelle:

- É unha dación de conta.

E María del Carmen Sola aclara:

- Só é porque nas comisións non nos quedou moi claro, porque primeiro di que Marina se vai por motivos persoais pero a continuación explica que ía haber unha rotación entre elas.

Ao que o alcalde lle responde:



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

- Si, vai haber unha rotación entre elas.

E a voceira pregunta:

- Cada seis meses, anual?

Contéstalle o alcalde:

- Cada ano.

Explica a voceira:

- Digoo porque agora que Marina xa se estaba facendo á xente, a coñecer os problemas das aldeas...

E o alcalde dille:

- Pero é unha decisión nosa.

Ao que a voceira di:

- Si, si.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO ORZAMENTO MUNICIPAL DO 2015

O obxecto deste punto é examinar e aprobar a Conta xeral do orzamento correspondente ao exercicio de 2015.

A dita conta expúxose ao público e foi examinada minuciosamente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, do 13 de maio de 2016, que xa emitiu o correspondente informe que consta no expediente, do cal dá lectura o secretario, e do que resulta que a dita conta está debidamente rendida e xustificada.

O alcalde somete o asunto a votación e, o Pleno, por oito votos a favor do Grupo Popular e BNG e tres abstencións do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA:

Primeiro. Aprobar a Conta xeral do orzamento de 2015, nos termos que se confeccionou e que contén as partes que se sinalan no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo. Aplicar o resultado favorable do exercicio do 2015 ao patrimonio da entidade.

Terceiro. Render ante o Consello de Contas de Galicia a conta que se aproba nos termos que en materia de fiscalización externa das contas e da xestión económica das entidades locais regula a normativa reguladora das facendas locais.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 3/2016, CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA

Dáse lectura ao expediente núm. 3/2016, tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado co remanente líquido da tesourería dispoñible procedente da liquidación do orzamento do exercicio 2015.

Dáse conta dos informes emitidos polo interventor e pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, de data 29 de xullo de 2016, e que o expediente se tramita por razóns de necesidade e urxencia plenamente xustificadas, e está axustado aos preceptos



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

legais vixentes.

O Pleno, por tres abstencións do Grupo Veciños de Monterrei e oito votos a favor do BNG e do Grupo Popular, ACORDA aprobar inicialmente o expediente, co seguinte resumo:

Suplemento de crédito

PARTIDAS	CONCEPTO	IMPORTE
1532.609	Investimentos financeiramente sostibles (pavimentacións)	19.486.34
TOTAL:		19.486.34

Créditos extraordinarios

PARTIDAS	CONCEPTO	IMPORTE
165.609	Investimentos financeiramente sostibles (iluminación pública e aforro enerxético)	35.689,84
432.609	Investimentos financeiramente sostibles (reforma centro turismo Castelo)	20.000,00
TOTAL:		55.689,84

TOTAL EXP. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS: 75.176,18 €

O importe dos gastos anteriores finánciase con cargo ao remanente líquido da tesourería dispoñible da liquidación do orzamento anterior, polo que a operación queda nivelada e sen déficit inicial, e introdúcese no orzamento de ingresos a seguinte modificación:

CAPÍTULO	CONCEPTO	SUBCONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
8	87	870.00	Aplicación para financiamento	75.176,18 €

Ao ter que darlle ao expediente a tramitación á que alude o artigo 177.2 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 38 do Real decreto 500/1990, de no presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, considerárase este acordo como definitivo.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 4/2016, CON CARGO A PARTIDAS REDUCIBLES

Dáse lectura ao expediente núm. 4/2016, tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado con cargo a partidas reducibles do orzamento vixente.

Dáse conta dos informes emitidos polo interventor e o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, de data 29 de xullo de 2016.

O expediente tramítase por razóns de necesidade e urxencia plenamente xustificadas e está



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

axustado aos preceptos legais vixentes.

O Pleno, tres abstencións do Grupo Veciños de Monterrei e oito votos a favor do BNG e do Grupo Popular, ACORDA aprobar inicialmente o expediente, co seguinte resumo:

Partida	Denominación	Importe en euros
011.310	Xuros de operacións a curto	400,00
920.216	Equipos para procesos de información	4.500,00
920.626	Equipos para procesos de información	2.000,00
TOTAL		6.900,00

O importe dos gastos anteriores finánciase con cargo a baixas de créditos das aplicacións orzamentarias seguintes:

Aplicacións orzamentarias	Créditos dispoñibles para minorar ou anular
920.160	6.900,00
TOTAL	6.900,00 €

Ao ter que darlle ao expediente a tramitación á que alude o artigo 177.2 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 38 do Real decreto 500/1990, de no presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, considerárase este acordo como definitivo.

DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016

O alcalde dá conta aos asistentes que con data 12 de xullo de 2016 informouse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do período medio de pagamento correspondente ao segundo trimestre de 2016, de conformidade co artigo 4.1.b da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministración previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo.

O detalle do informe é o seguinte:

Importe de pagamentos realizados; 137.098,18 €

Importe de pagamentos pendentes: 79.375,88 €

Período medio de pagamento: 10,63 días.

O Pleno dáse por informado.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE MONTERREI PARA A REDUCIÓN DO TIPO IMPOSITIVO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES E BONIFICACIÓNS A DIFERENTES COLECTIVOS NO CONCELLO DE MONTERREI



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Dáse conta da moción do Grupo Veciños de Monterrei sobre a redución do tipo impositivo do imposto sobre bens inmobles e bonificacións a diferentes colectivos no Concello de Monterrei, a cal é do seguinte teor:

"O grupo municipal Veciños de Monterrei, co NIF G32461436, presenta para o vindeiro Pleno ordinario a seguinte MOCIÓN para a redución do tipo impositivo do imposto sobre bens inmobles e bonificación a diferentes colectivos no Concello de Monterrei.

Despois dos anos que levamos de dura crise económica e ante as dificultades económicas das familias do noso concello, denótase a falta de sensibilidade das administracións públicas ante a situación dos veciños. O Concello pode a través das súas ordenanzas axudar os sectores máis desfavorecidos.

Polo exposto, solicitamos a consideración do Pleno para proceder a:

1. Redución progresiva do tipo de gravame xeral do IBI urbano dun 10% no ano 2017, e outro 10% no 2018.
- 2.- Bonificación do 50% sobre o tipo de gravame para as familias numerosas e as que teñan todos os seus membros en situación de desemprego e que só teñan os ingresos da prestación por desemprego.
3. Exención ás instalacións das actividades agro-gandeiras que xeren postos de traballo nos primeiros cinco anos de actividade.
4. Tramitar co servizo de recadación o pagamento fraccionado dos impostos".

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, do 29 de xullo de 2016.

Intervén Francisco Javier Limia, concelleiro do Grupo Veciños de Monterrei:

- Consideramos que é unha moción necesaria, moi, moi necesaria. Por un lado, pola situación que están a pasar as nosas familias, por outro lado, porque necesitamos beneficiar sobre todo as explotacións gandeiras ou agropecuarias, que son as que están sufrindo bastante a nosa crise. Incluso, eu apostaría por unha redución maior nese tipo de explotacións, para todas as explotacións e non só para as que agora mesmo xeren postos de traballo ou se fagan de novo. O que pasa é que é o grupo de goberno o que sabe que cantidades se achegan e non se achegan. O resto, ben, creo que non é necesario xustificar algo que estamos a ver todos os días.

É a quenda agora do alcalde, que argumenta o voto do Grupo Popular do seguinte xeito:

- Ben, por parte do Grupo Popular, queremos sinalar o seguinte: con carácter previo á análise da moción, ao Grupo Popular parécelle que esta moción está moi ben para os efectos mediáticos, queda moi ben, pero denota falta de coñecemento e falta de responsabilidade na xestión dos nosos servizos públicos. Vostedes son uns novatos neste mundo municipal, levan pouco tempo nisto e, claro, esta inexperiencia lévaos a dicir cousas que despois son moi difíciles de cumprir. Todos queremos, e sobre todo os partidos de centrodereita, no que militamos nós, que haxa unha menor presión fiscal. Quen diría que presenten vostedes esta moción?, sendo o que son. Ante todo hai que ser responsables e dicirlle a verdade á xente, e a verdade é dicirlle que os servizos que lle prestamos hai que pagalos e que unha redución de impostos leva consigo unha merma no conseguido ata o de agora e iso é ser responsable e dicirlle a verdade á xente. Se vostedes queren que haxan menos impostos, díganlles onde recortarían e díganllo con claridade á xente, sen demagoxias.

Xa entrando polo miúdo na moción e en concreto nos puntos que piden, en concreto na



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

redución progresiva no tipo de gravame do IBI urbano dun 10% no ano 2017, e outro 10% no 2018, o tipo que temos é do 0,6, un tipo que foi establecido dun xeito obrigatorio durante a crise, tendo en conta os valores catastrais que temos, e vostedes saben moi ben os valores catastrais que temos e a base liquidable que temos, e que continúa vixente en moitos concellos, é dicir, o 0,6 non é que Monterrei o aplique en exclusiva, hai moitos concellos que seguen aplicando e están aplicando este tipo impositivo. Isto permitiunos no seu momento axustar os orzamentos e establecer o teito de gasto, é dicir, o nivel de servizos públicos que queremos. Reducilo agora non ten ningún sentido, sobre todo tendo en conta o teito de gasto que temos e os problemas xurídico-económicos que teriamos se o reducimos, temos o posible informe favorable do servizo de Intervención deste concello.

Con relación á bonificación do 50% sobre o tipo de gravame para as familias numerosas e as que teñan todos os seus membros en situación de desemprego e que só teñan os ingresos da prestación por desemprego, é certo que a lei permite unha bonificación para as familias numerosas; nada di con relación aos parados. É dicir, con relación aos parados non se pode aplicar esa bonificación. A bonificación ás familias numerosas, ímolo analizar, ímolo ver, e incluso por riba desa porcentaxe que vostedes propoñen, aínda que a dicir verdade, non representa cuantitativamente unha cantidade importante, polo número de familias numerosas existentes no noso concello. Ser familia numerosa no mundo actual é unha excepción e no noso concello igualmente, pero analizáremolo e verémolo en futuras sesións. O tema dos parados non o contempla a lei e, en consecuencia, non o podemos recoller, ademais sería bastante complicado executar esta medida. Por outra banda hai que diferenciar o IBI que é un imposto que grava o que grava, o patrimonio, neste caso o patrimonio de bens inmoables, pero a situación de desemprego é unha situación persoal, é dicir, pode haber xente que está no paro pero ten un patrimonio que lle está producindo ingresos e rendementos, é dicir, é complicado aplicar esta medida ao tema dos parados, independentemente de que a lei non o contempla.

As exencións ás instalacións de actividades agrogandeiras que xeren postos de traballo nos primeiros cinco anos da súa actividade; esta exención tamén a permite a lei, pero, primeiro, vostedes non poñen a porcentaxe desa dedución e limitana aos que xeren postos de traballo durante os cinco primeiros anos de actividade, co cal non se aplicaría ás granxas que xa estiveran instaladas dende xa fai tempo. Nós este punto tamén o imos analizar e estudar, pero nós seremos máis concretos na nosa proposta, falaremos dunha redución de ata o 90% para todas as granxas, non so a excepción para os primeiros cinco anos de actividade, seguindo lóxicamente o procedemento que marca a Lei de facendas locais, que establece un procedemento que ten que ser a petición dos interesados. Con relación ás granxas aquí hai unha pequena discusión, parece que as granxas nunca pagaron o IBI, que estaban exentas do IBI. Non, as granxas nunca estiveron exentas do IBI, o que pasaba é que as granxas non tiñan marcado os valores catastrais. Agora con esta última revisión catastral fíxose unha nova valoración catastral desas granxas e, por iso, agora si que teñen que pagar o IBI. A nosa postura con relación ás granxas é establecer unha bonificación do 90% do IBI e non vinculado á xeración de postos de traballo nin aos cinco primeiros anos de actividade; vinculalo a temas sociais, de desenvolvemento rural. Por outro lado, non só temos granxas, temos o tema das adegas no noso concello, que tamén sería cuestión de analizar.

O cuarto dos puntos que piden é tramitar co Servizo da Recadación o pagamento fraccionado dos impostos. Isto xa existe. Debemos distinguir que o noso Concello ten establecido un pagamento único que se fai entre agosto e setembro de cada ano. A xente pode pedir un aprazamento ou un fraccionamento da súa cota. Pedir aprazamento para despois deses meses de agosto e setembro leva consigo o aboamento dos xuros correspondentes, aínda



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

que é unha cantidade moi pequena e non aplicar eses xuros, a parte de que o establece o Regulamento xeral de recadación, xeraría unha discriminación con relación aos que pagan voluntariamente os seus impostos. E no suposto de que se pida fraccionamento, se ese fraccionamento se pide dentro do período voluntario, si que non leva consigo o aboamento de xuros.

En resume, e para concluír, nós imos votar en contra desta moción con carácter xeral, porque a consideramos demagóxica e falta de concreción en moitos aspectos. Nós somos un equipo de goberno responsable e non lle podemos dicir á xente cousas o que logo na realidade non se poden cumprir. Por outra banda, temos que dicir que hai aspectos concretos que si se poden ter en conta, incluso indo máis aló do que propón o Grupo Veciños de Monterrei pero que se verá en próximas sesións, en concreto na de outubro, onde se modificarán determinados aspectos da ordenanza fiscal deste imposto.

O concelleiro de Veciños de Monterrei comenta:

- O discurso rematou.

E o alcalde dille:

- Non, a miña intervención rematou.

Francisco Javier Limia insiste:

- Non, o discurso preelectoral rematou.

Mire, imos ver, cando di que non sabemos de onde quitalo, pódolle dicir: nós temos uns ingresos por IBI, que o secretario seguro que o pode corroborar, sobre 200.000 € ao ano. Cando falamos dun 10%, o 10% é o que custou a comida dos maiores, así de claro, entón aí xa temos de onde quitalos. Pero podémoslle dicir que gastamos case 3.000 € nunha revista, porque a vostede ao mellor parécelle máis normal gastalo niso que reduciilo. Cando falamos de explotacións agrogandeiras eu creo que o de agro nas adegas ten algo que ver, aínda que non o quixese tomar en conta. E tamén lle dicía que nós tiñamos pensado, pero non sabiamos a cantidade fixa, por iso puxemos o 10% nas explotacións agrogandeiras, de reducillo aínda máis. Pero esa cantidade sábela vostede. Entón, a min se me quere dar un discurso, un discurso preelectoral, eu pódoo entender; que me diga que eu non sei o que estou falando, aí creo que se equivoca un pouco máis, porque si tiñamos as contas e si sabiamos de onde iamos quitar. Non máis de alí, porque alí vostede si sabe onde está o diñeiro, sabe de onde quitar. E, ben, non é o mesmo o fraccionamento que o aprazamento.

De novo intervén o alcalde:

- Si, e eu dixenllo: que non é o mesmo o fraccionamento e o aprazamento. Pero é normal que o aprazamento que está fóra dos períodos de pagamento voluntario teña ese pequeno xuro, porque en realidade é discriminatorio con relación aos que pagan voluntariamente, á parte de que estamos a falar de cantidades minúsculas.

Dille o concelleiro:

- Ben, de entrada, as cantidades minúsculas, estamos falando de que o xuro hoxe debe estar, debe sabelo o secretario, nun 3,5 ou 4%.

Di o secretario:

- Menos, o xuro legal do diñeiro é menos.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

E Francisco Javier Limia di:

- Non, un 3,5 ou 4%, e se pide o aprazamento, aínda máis.

Pregúntalle o secretario:

- O do Banco de España?

Dille o concelleiro de Veciños:

- O que están cobrando os concellos polo aprazamento. Ata hai dous anos chegou a ser un 5%. O ano pasado baixou, e este ano creo que baixou ao 3,5%. Entón, minúscula depende do que. E cando di que a contía é mínima polo de familia numerosa, eu creo que si, que é mínima ao mellor para o Concello pero non para a familia.

E o alcalde explica:

- Pero eu estoulle a dicir de incrementar non só do 50% senón máis, ata o 95% ou 90%, o máximo que nos permita a lei. Hai que recoñecelo, son poucas as familias numerosas que temos no concello, por desgraza, iso é un dato obxectivo.

Segue o concelleiro:

- E o que me di, de que o resto dos concellos teñen un 0,6%, é como se o resto dos concellos queren facer a ponte pineiro; a min dáme igual o que fagan outros concellos.

Dille o alcalde:

- Si, pero vostedes, en moitas ocasións, poñen exemplos doutros concellos, de servizos que teñen outros concellos e que non os temos nós.

Segue a dicir o concelleiro:

- Pero é que temos os dous problemas. É que non temos os servizos e por riba pagamos igual os impostos. Agora nós estamos falando que pagamos os impostos e porén os servizos non os temos. Ou unha cousa ou a outra. Se temos os servizos, podemos dicir que podemos pagar os impostos pero o que non podemos é pretender ter os mesmos impostos que o resto dos concellos e non dar os mesmos servizos.

O alcalde faille entón unha pregunta:

- Pero, vostede contésteme: vostede entende que ao día de hoxe os valores catastrais neste concello por IBI son altos?, o que se paga por IBI neste concello é alto?

Respóndelle o concelleiro:

- Nas edificacións novas, e así se nos aclarou o outro día na comisión, si son altos. E nas edificacións vellas, lamentablemente calquera día farán a revisión e cando fagan a revisión...

Di o alcalde:

- Estamos a falar dunha revisión do IBI cunha redución, cando precisamente as vellas ou que teñen os valores catastrais que teñen, pagan o que pagan. Vostede e eu sabemos do que estamos falando.

E dille o concelleiro:

- Pero é que estamos falando dunha redución lineal para todo o mundo e no momento que lle suban ás vellas...



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

E o alcalde:

- Pois se teñen os valores catastrais xa como os teñen, entón, apaga e vámonos.

Francisco Javier Limia di:

- Pois polo menos os que están agora, que os están apertando agora, teñen dereito a unha redución. Que quere: só lle reducimos aos que teñen a redución feita?

E preguntalle o alcalde:

- E beneficiar os que teñen os valores catastrais baixos e que no pagan?

O concelleiro respóndelle:

- É que non os está beneficiando, está beneficiando do mesmo xeito a todo o mundo.

Discrepa o alcalde:

- Non, aí estase beneficiando a maiores os que teñen os valores catastrais antigos. .

Intervén agora a concelleira de Veciños, Yolanda Domínguez:

- O tanto por cento de menos é menos.

E o alcalde di:

- Si, si. Pero determinadas cantidades do que se paga neste concello por IBI son as que son, Yolanda, e non me faga seguir falando.

A concelleira di:

Vostede fale o que queira, vostede ten a palabra sempre.

De novo o concelleiro de Veciños de Monterrei di:

- Estámoslle dicindo que agora mesmo hai posibilidade de baixar ese 10%. De feito, ese 0,1% , do 0,5% ao 0,6%, subiuse xa en plena crise, cousa que nunca entendín, non só deste concello, refírome de todos os concellos. Canto peor se lle puñan as cousas á xente, máis se lle subiron os impostos. Despois, si, algunha vez como escoitamos aquí, a culpa é do Montoro, porque o Montoro nos fai facer non sei que cousas. Non, a culpa moitas veces non é só dos demais, tamén é dos que están.

O alcalde engade:

- Para rematar, eu creo que as posturas están claras, eu o único que me gustaría é que vostedes tivesen a valentía de dicir que, se son grupo de goberno nalgunha ocasión, vostedes lle van retirar a comida dos maiores aos maiores do noso concello. Díganos con claridade e coa verdade por diante. Vostedes, se son grupo de goberno nun futuro, vanlle retirar a comida dos maiores do noso concello?

Ao que o concelleiro lle responde:

- Cando sexamos grupo de goberno, non se preocupe, que saberemos o que facer.

Incide o alcalde:

- Non, non. Contésteme á pregunta: vostedes, se son grupo de goberno, quitaranlle a comida dos nosos maiores que é unha actuación realizada por este Grupo Popular?



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Respóndelle Francisco Javier:

- Cando sexamos grupo de goberno, non se preocupe que sabemos o temos que facer. De feito, sabémolo nós e sábeo todo o mundo.

Di entón o alcalde:

- Secretario, que conste na acta que cando sexan grupo de goberno non van saber que van facer coa comida dos nosos maiores.

Insiste o concelleiro:

- Nós sabemos o que temos que facer, sabemos o que imos facer, cando cheguemos ao grupo de goberno.

É a concelleira de Veciños de Monterrei, Yolanda Domínguez, a que fala agora:

- O que non imos facer son actos políticos con diñeiro do concello.

Ao que o alcalde lle di á concelleira:

- Mire, neste momento ten retirado o uso da palabra porque as mocións deféndelas un dos membros do seu grupo.

Di entón a concelleira:

- A pregunta non era dentro da moción.

E o alcalde, discrepando, di:

- Como que non? Era dentro da moción, que é o que estamos tratando.

Di a concelleira:

- É capciosa.

E o alcalde engade:

- Non, non é capciosa. E vai dirixida ao portavoz da moción. Aquí, o que dirixe os debates é este alcalde, de acordo? Se a moción a defende un membro, eu falo contra un membro do grupo correspondente. Rematamos.

De novo o concelleiro de Veciños di:

- Cando fala do grupo de goberno, fala de todos, non fala só dun, os demais tamén se poden dar por aludidos. Este grupo non só son eu.

E, para rematar, o alcalde insiste:

- O que defende a moción é un, e eu debato con un.

Tras este debate, o Pleno, por sete votos en contra do Grupo Popular e catro votos a favor do BNG e do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA rexeitar a moción presentada polo Grupo Veciños de Monterrei sobre a redución do tipo impositivo do IBI e bonificacións a diferentes colectivos no concello de Monterrei.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE MONTERREI SOBRE A REVISIÓN DO RECOÑECIMENTO DAS ASISTENCIAS POR CONCORRENCIA EFECTIVA ÁS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Dáse conta da moción do Grupo Veciños de Monterrei sobre a revisión do recoñecemento das asistencias por concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados, a cal é do seguinte teor:

"O grupo municipal Veciños de Monterrei, co NIF G32461436, presenta para o vindeiro Pleno ordinario a seguinte MOCIÓN: revisión do recoñecemento das asistencias por concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados.

No Pleno do 24 de xuño do 2015 acordouse o recoñecemento das asistencias por concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados. Por proposición do alcalde, fíxanse as asistencias en 80 € por sesión pola asistencia a plenos, xuntas de goberno e comisións informativas para todos os concelleiros menos para o alcalde, que a dita cantidade se eleva a 200 €.

Nas continuas mocións presentadas por este grupo, o principal motivo para o seu rexeitamento por parte do grupo de goberno é a situación na que se encontra o Concello e a falta de recursos para levar a cabo as obras necesarias, da mesma forma que nos últimos plenos ameaza a este grupo con non debater as mocións presentadas polo custos que iso lle acarrea ao Concello.

Así mesmo, destaca que os custos para o Concello por asistencias a órganos colexiados do alcalde sexan superiores aos da dedicación exclusiva que ten a concelleira do seu grupo.

Por todo o exposto, solicitamos a consideración do Pleno para proceder á revisión do recoñecemento das asistencias por concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados e equiparar a cantidade fixada para o alcalde coa do resto dos concelleiros".

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, do 29 de xullo de 2016.

Toma a palabra o voceiro do BNG e di:

- Eu vou votar a favor, dado que a lei marca que todos os concelleiros deben cobrar a mesma cantidade.

Intervén o concelleiro do Grupo Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia, do seguinte xeito:

- Non sei se van meter dentro da acta do Pleno o informe xurídico que lle pediron á Deputación, que leron o outro día na comisión, para que quede.

O secretario lee a conclusión do dito informe que literalmente di:

- "Vista a doutrina que se foi fixando, podemos afirmar que si poden asignarse diferentes importes de asistencia por órgano colexiado, pero o que non é admisible é que existan distintos importes para os membros do mesmo órgano colexiado".

Continúa o concelleiro de Veciños:

- A parte do que ía na moción, é parte do que se pode reducir o 10% do IBI. Que ten pensado facer o Concello para recuperar o diñeiro que en principio foi pagado indebidamente?

É agora a quenda do alcalde que di:

- Con relación a esta moción, o Grupo Popular manifesta o seguinte:

En primeiro lugar, sinalar que este é un tema que nunca xenerou polémica no noso concello. Resulta que agora todos os problemas son estes. E non xeraba problema porque se



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

estableceu xa en anteriores lexislaturas que o alcalde, ao non ter dedicación, nin exclusiva nin parcial, percibise polas asistencias a órganos colexiados unha cantidade superior ao resto de membros da corporación con base nun nivel de responsabilidade e dedicación maior. Isto viña supoñendo unha cantidade anual de arredor de 12.000 €, non percibindo ningunha cantidade a maiores por gastos de quilometraxe. E así foi tamén acordado por unanimidade de todos no inicio desta lexislatura, incluídos vostedes, acordando ademais unha dedicación parcial dun concelleiro de 14.000 €, neste caso unha concelleira. Estamos a falar dunhas cantidades que sumadas as dúas e sumándolle a seguridade social da dedicación parcial, están moi por debaixo do que perciben outros alcaldes da nosa comarca e moi por debaixo do que nos permite a lei.

Todos sabiamos no seu momento que o acordado era legal porque non hai norma que estableza que as cantidades por asistencias a órganos colexiados sexan iguais para todos, agora ben, si que é certo que hai doutrina e xurisprudencia na materia, na que se sinala que deben ser cantidades iguais as percibidas por todos os membros dun órgano colexiado, e así, a prol do consenso, e como eran acordos adoptados por unanimidade dos presentes, non plantexaba ningún motivo de litixio. Xurisprudencia que, por certo, falta que o confirme o Supremo pero pendente de que se ratifique algunha sentenza por aí que permite que o alcalde perciba por asistencias máis que o resto de membros da corporación.

O Grupo Veciños de Monterrei parece que quere abrir este melón e xerar un debate onde non o había, sabendo que o acordo actual non o pode impugnar porque votaron a favor, proba da súa inexperiencia, o que lles dicía antes.

O Grupo Popular, sabendo que pode manter o acordo actual, porque o podemos manter, ese acordo en principio está vixente e é legal, pero non podemos permitir que o Grupo Veciños de Monterrei siga facendo demagogia con este tema e sinalando mentiras, como que este alcalde cobra máis que a concelleira, xa que non é certo, porque este alcalde, por se non o saben, pensaba renunciar a todo o que pasase dos 12.000 €. E agora, quedará establecido que todo o que pase de 10.000 € ao ano por asistencias, este alcalde renunciará a percibilas. Espero que retiren o dito. Este alcalde por asistencias non percibirá máis de 10.000 € ao ano. Fagan os números ben, e díganlle a verdade á xente.

Repito, insisto, eu estou nisto non polo diñeiro, como parece que están vostedes, facendo cada pouco mocións para que haxa sesións de comisións informativas e así poder cobrar e ter o permiso correspondente. Así, nós non podemos votar a favor da moción tal e como está redactada, porque se din moitas mentiras e na próxima sesión traeremos a este Pleno unha nova proposta dos importes por asistencias a órganos colexiados, de conformidade co que di o informe da Deputación, e xa que vostedes quixeron e queren romper o consenso que sempre existiu neste tema na Corporación. Tamén lles digo outra cousa, que desde este Pleno ata ese Pleno ordinario de outubro, este alcalde vai renunciar a percibir ningunha cantidade por asistencia, e tamén lle comunico que o Grupo Popular presentará un escrito no que solicitará non percibir ningunha cantidade polo pleno extraordinario que tivo lugar en xuño con motivo do sorteo das mesas para as eleccións de xuño deste ano. Iso é todo o que temos que sinalar ao respecto.

Toma agora a palabra o concelleiro de Veciños, Francisco Javier Limia dicindo:

- Mire, o das lexislaturas anteriores, paréceme ben. De entrada, nas lexislaturas anteriores, como vostede di, nós non estabamos, eramos novatos.

Dille o alcalde:

- Eu estoulle explicando o consenso que sempre houbo e aquí hai membros da anterior



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

lexislatura que poden dar ...

O concelleiro interrompe o alcalde para dicir:

- Eu non vou discutir o que fixeron os membros da anterior lexislatura.

Replicálle o alcalde:

- Vostedes queren romper ese melón e ese consenso que había, pois fágano.

Continúa o concelleiro:

- E que mire, eu non sei de que melón está falando, nin de que consenso. Que o resto dos concellos cobren máis ou menos ou gasten máis ou menos, volvemos ao mesmo de antes, ou sexa: collemos os concellos para o que nos interesa.

Di o alcalde:

- Iso fano vostedes para criticar, cando din que en Cualedro fan tal cousa.

Dille o concelleiro:

- É que o está a dicir vostede. Vostede no seu discurso preelectoral ou electoral, como lle queira chamar, está dicindo: non, e que o resto dos concellos gastan máis. Pero iso é vostede o que o está a dicir, non son eu quen está poñendo un exemplo, estao poñendo vostede, por un lado. Despois, o resto do traballo, pois non sei por que vostede ten máis traballo que o resto dos concelleiros, porque o resto dos concelleiros tamén preparán os plenos e tamén preparán..., quero pensar. E cando me di que é mentira o que vostede percibiu, mire, nun ano houbo once plenos, que son 2.200 €, trinta e oito xuntas de goberno, que son 7.600 €, e vinte comisión, que son 4.000 €. Se suma isto, dálle 13.800 €, e a quilometraxe e axudas de custo tamén hai.

Mire: maior do orzamento corrente de gastos, José Luis Suárez Martínez, creo que é vostede, por axudas de custo e desprazamentos, 252 €. E por aquí, José Luis Suárez Martínez, por axuda de custo e desprazamentos, 512 €.

E o alcalde di:

- Si, si. E eu explícollo.

E o concelleiro continúa:

- Pero se eu non estou pondo en dúbida isto. Eu o que estou pondo en dúbida é que me di: non, e que cobramos un pouquiño porque así non andamos facendo papeis, non andamos facendo quilometraxe... Porque foi a escusa que me puxo vostede agora para poñer os 200 €: e que neste concello, non cobramos nada de desprazamentos, nin cobramos nada de quilometraxe, nin cobramos por comidas, entón, poñemos unha cantidade redonda todos os meses.

Dille o alcalde:

- Ese era o consenso que había. Mire, vostede o que ten que botarlle en cara a este alcalde é o que cobrou durante o ano 2015 por atención a este concello dende xuño. Ben, pódeo facer en cómputo anual, e o que percibiu este alcalde en asistencias foron 8.000 € e despois, efectivamente, este alcalde pasou unhas quilometraxes e unhas axudas de custo de viaxes a Santiago. Entón diga vostede as cousas como son. Cando estamos a falar de quilometraxe, falamos de quilometraxe de aquí, dentro da provincia de Ourense. Entón, en total, durante o



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

ano 2015, entre unhas cousas e as outras, eu percibiría sobre 10.000 €. Non teño os números exactos pero sobre 10.000 €. Ben, eu dígolle: independentemente dos plenos, xunta de goberno, comisións informativas que houbera, este ano, este alcalde vai renunciar a todo o que pase de 10.000 € por asistencias.

E o concelleiro di:

- Pero é que me parece ben. Pero modifíqueo.

Continúa o alcalde:

- Este alcalde vai renunciar. Entón, é mentira os números que vostede fai ao calcular. Vostede ten que facer os números cando sexan reais. Vostede pódeme criticar a final de ano, que me diga: vostede cobrou por asistencias a comisións...15.000 €. Pódemo botar na cara, pero ata que non pase iso, non mo bote en cara. E denota outra vez falta de experiencia política neste tema. Porque é que xa se pasan de frenada.

Di Francisco Javier:

- Non, mire, o alcalde, como di, durante o ano 2015, non foi alcalde todo o 2015, foi só medio ano. E por medio ano de alcalde cobrou sete mil e pico euros e senón, o señor secretario sábeo. A ver se a concelleira delegada...

E o alcalde continúa:

- Pero vostedes fixeron os números con ese ano de alcalde, non contaron coa miña renuncia ao resto.

E o concelleiro dille:

- Non. A súa renuncia está moi ben porque foi despois de que nós presentásemos isto. É que a verdade é moi curioso

Ao que o alcalde lle di:

- O que é curioso é que saise en prensa antes a moción que que a presentasen aquí, no Rexistro. Curiosamente saíu na prensa, o mesmo día que saíu en La Región presentan vostedes a moción aquí.

Pregúntalle o concelleiro:

- O que lle molestou que foi: que se presentara ou que saíra? Porque a súa renuncia foi posterior a presentar a moción.

E o alcalde respóndelle:

- Eu xa tiña pensado facelo porque era o consenso que había, de non cobrar máis de 12.000 €.

Ao que pregunta o concelleiro:

- Que consenso?

Respóndelle o alcalde:

- O que houbo nestas últimas corporacións, e eu levo pouco tempo pero sempre houbo ese consenso. Vostedes quéreno romper? Pois alá vostedes. É o seu problema. Queren xerar un problema onde non o hai. Eu non estou por esa vía.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Dille entón o concelleiro de Veciños:

- O problema é que a escusa para non debater as cousas era precisamente de cartos. O do Pleno extraordinario...

Interrómpeo o alcalde e dille:

- Que non é problema de cartos, que non estamos aquí por cartos.

O concelleiro di:

- Se vostede a escusa que puña para non levar as cousas a comisión era que lle costaban moito as comisións...

Ao que lle di o alcalde:

- É que é verdade. Sempre me neguei a levarlle mocións a comisións informativas que non sexan auténticas mocións, son só rogos ou preguntas, insisto, e fano polo que o fan.

E o concelleiro pregunta:

- Pero, por que pensa que o facemos?, polos 80 € da comisión?.

E o alcalde:

- Home!

Francisco Javier Limia di:

- Pois entón agora, explíqueme vostede a min. Resulta que como dicía vostede, porque ademais sae na páxina web do concello, nós como concelleiros cobramos o ano pasado 800 €, vostede cobrou 7.200 €, por todo o ano foron 8.000 €.

E o alcalde dille:

- Dentro dos 8.000 € van as asistencias miñas a comisións informativas e plenos que participei anteriormente como concelleiro.

O concelleiro:

Estoulle falando que como alcalde: 7.200 €.

Di o alcalde:

- Están incluídas as comisións informativas e os plenos anteriores a ser alcalde.

Insiste o concelleiro:

- 7.200 € como alcalde.

Interrompe neste momento a discusión a concelleira de Veciños de Monterrei, Yolanda Domínguez, e di:

- Está aquí o papel: dende o día 13 de xuño de 2015. Isto é escrito do secretario do Concello.

E o alcalde:

- Pois non sei, tereino que comprobar, pero eu cobre polo 2015, por todo o 2015, o que está aí.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Ao que lle di Yolanda Domínguez:

- Iso é porque cobraba menos de concelleiro. Como alcalde, dende o día 13 de xuño de 2015 ata decembro, en total 7.056 €.

Dille o alcalde:

- Ah, claro, percibo os 200 €.

E o concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia di de novo:

- 7.200 €.

O alcalde:

- A ver se nos aclaramos. Eu o que lle estou dicindo é que dentro desa cantidade hai asistencias miñas como concelleiro.

O concelleiro:

- Nos 7.200 €, non.

E insiste o alcalde:

- Si

O concelleiro:

- Non.

De novo a concelleira de Veciños de Monterrei, Yolanda Domínguez:

- Factura de asistencias dende o 13 de xuño de 2015 ata o 31 de decembro de 2016.

O alcalde:

- Podémolo comprobar na Secretaría.

A concelleira:

- Está escrito polo secretario.

Segue a dicir o alcalde:

- Eu entendo que o que está aí é que dende o 13 de xuño eu son alcalde e, efectivamente, cobro 200 € por asistir.

Di Yolanda Domínguez:

- Non, e hai unha suma final de total 7.200 €.

O alcalde:

- Si, pero aí están incluídas...

A concelleira de Veciños:

- Non. Factura dende o 13 de xuño de 2015 ata o 31 de decembro.

O alcalde:

- Eu non sei o que di a factura. Eu dígolle que o que cobreí no 2015 son sete mil e pico euros, por todo o ano 2015, sendo concelleiro e sendo alcalde.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Toma de novo a palabra Francisco Javier Limia, e di:

- Mire, foron 8.000 €, non sete mil e pico. Sendo concelleiro máis alcalde, en total, foron 8.000 €. Á parte ten unha retención, por iso ao final non lle chega aos 7.000 €, pero realmente o que cobrou foron 8.000 €. A concelleira delegada tamén cobra 1.000 € pero seguro que despois no banco non lle ingresan eses 1.000 €.

O alcalde asinte:

- Si, home, si.

O concelleiro:

- E se vostede bota contas, sáenlle así.

E remata o alcalde:

- Última rolda de palabra. Imos votar.

Sometida entón a votación a moción do Grupo Veciños de Monterrei, o Pleno, por sete votos en contra do Grupo Popular e catro votos a favor do BNG e do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA rexeitar a moción presentada polo Grupo Veciños de Monterrei sobre a revisión do recoñecemento das asistencias por concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados

CONTROL E FISCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

O alcalde pregunta aos asistentes se hai algunha moción urxente. Resposta a voceira do Grupo Popular, María Rosa González Rivero, que ten dúas mocións urxentes, unha sobre a solicitude ao Goberno de España que Riós acolla o Centro Nacional de Referencia para o Casteiñeiro e outra a adhesión do Concello de Monterrei á Ruta do Viño Monterrei.

Sométese a debate a urxencia da primeira das mocións, sobre a solicitude ao Goberno de España que Riós acolla o Centro Nacional de Referencia para o Casteiñeiro, e o Pleno, por unanimidade, acorda recoñecer a súa urxencia.

A continuación a voceira do Grupo Popular dá conta da moción, a cal é do seguinte teor literal:

"María Rosa González Rivero, portavoz do Grupo Popular do Concello de Monterrei, e ao abeiro do disposto no artigo 91 e 97 do ROF, e de acordo coa Lei de bases reguladora do réxime local, presenta a seguinte moción urxente para a súa consideración polo Pleno deste concello:

A castaña foi sempre un produto básico na economía de moitas familias do noso medio rural. Esa mesma castaña, dende Ourense, por si mesma ou transformada nas súas máis variadas posibilidades, chega mesmo ata os emerxentes mercados asiáticos para vestir as mellores mesas.

O Estudio "PROMERCADO", elaborado polo INORDE, tendo en conta o Plan Ourense 92 de xestión e estratexia operativa da Deputación para desenvolver e valorizar produtos endóxenos, pon en valor a importancia do castiñeiro e do seu froito como eixo estratéxico de desenvolvemento dada a potencialidade do noso territorio. Nese completo estudo fálase da industria da transformación, das características de calidade das nosas castañas, da desinfección e dos procesos de secado e pelado... mesmo da súa comercialización e do movemento asociativo, sen descoidar o desenvolvemento sostible doutras actividades



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

asociadas ao cultivo do castiñeiro como os pequenos froitos, as plantas medicinais e aromáticas, os cogomelos ou a apicultura.

Temos coñecemento da futura creación dun Centro de Referencia da Castaña por parte do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, decisión que consideramos debe materializarse na nosa provincia, e sinaladamente en Riós, por razóns que a aconsellan, tendo en conta o labor feito durante as últimas décadas a prol deste sector coa Deputación de Ourense apostando de xeito indubidable nesa liña de traballo:

- En Riós cóntase cunhas instalacións axeitadas para acoller a sede nacional do Centro de Referencia da Castaña, e posibles ampliacións, no xa en funcionamento "Centro de Desenvolvemento Agroforestal".
- Riós atópase no corazón dun territorio dominado pola paisaxe do souto e que destaca na produción de castaña tanto polo volume actual producido como pola calidade do mesmo, sendo o berce das variedades máis apreciadas tanto para consumo en fresco como para a súa utilización na industria transformadora.
- Xeograficamente existen boas comunicacións por autoestrada tanto co resto de Galicia como coa meseta e co norte de Portugal.
- En Riós atópanse tamén outras instalacións e elementos de interese tanto materiais como inmateriais: Centro de Interpretación da Castaña en Trasestrada, Ruta Europea da Castaña, Festa da Castaña e do Cogomelo, Campo de Traballo Internacional de Restauración de Soutos...

Existen tamén razóns sociais, culturais e etnográficas que consolidan a Ourense como o territorio que debe albergar ese centro: a nosa festa do San Martiño caracterízase polo magosto como celebración gastronómica e coa castaña como protagonista fundamental.

En España non existe un centro de referencia para o froito do castiñeiro. Isto significa que as distintas variedades de castaña non están recoñecidas oficialmente nin inscritas no correspondente rexistro de variedades comerciais.

A Oficina Española de Variedades Vexetais regula a inclusión no Rexistro de Variedades Comerciais e Protexidas, facéndose necesario a existencia dun centro de referencia do Castiñeiro para o procedemento de inscrición de variedades nese rexistro.

Polo anterior, o Grupo Popular do Concello de Monterrei propón que o Pleno adopte o seguinte acordo:

1. Solicitar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente do Goberno de España que decida a creación do Centro de Referencia para o Castiñeiro e a súa localización en Riós, Provincia de Ourense.
2. Remitir copia deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia".

Toma a palabra o alcalde e di:

- Aí está o Concello de Riós e está interesado nisto. Seica van seleccionar un centro nacional de referencia para o castiñeiro e aquí, en Galicia, hai dúas posibles localizacións, que son Lourizán, en Pontevedra, ou ben nós aquí, en Riós. Estamos neste caso apoiando ao Concello de Riós, para que este centro de referencia sexa aquí, en Riós, o cal sería importante non só para o dito concello, senón para toda a bisbarra.

Sométese a continuación a moción a votación e o Pleno, por unanimidade, ACORDA aprobar



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

a moción do Grupo Popular de Monterrei e:

1. Solicitar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente do Goberno de España que decida a creación do Centro de Referencia para o Castiñeiro e a súa localización en Riós, Provincia de Ourense.
2. Remitir copia deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia.

Sométese a debate a urxencia da segunda das mocións, sobre a adhesión do Concello de Monterrei á Ruta do Viño Monterrei, e o Pleno, por unanimidade, acorda recoñecer a súa urxencia.

De seguido, a voceira do Partido Popular de Monterrei dá conta da dita moción urxente, que é do seguinte teor:

"María Rosa González Rivero, portavoz do Grupo Popular do Concello de Monterrei, e ao abeiro do disposto no artigo 91 e 97 do ROF, e de acordo coa Lei de bases reguladora do réxime local, presenta a seguinte moción urxente para a súa consideración polo Pleno deste concello:

Nas xornadas do 28 e 29 de maio, a Asociación da Ruta do Viño Monterrei organizou as V Xornadas de Portas Abertas da Ruta do Viño de Monterrei, as cales tiveron unha excelente acollida.

O Grupo Popular considera que esta entidade sen ánimo de lucro está a facer un gran labor en prol da promoción dun sector clave na economía do noso municipio.

Polo anterior, o Grupo Popular do Concello de Monterrei, propón que o Pleno adopte o seguinte acordo:

A adhesión do Concello de Monterrei á Asociación da Ruta do Viño Monterrei para traballar xuntos no desenvolvemento do sector vitivinícola do Concello de Monterrei".

O alcalde explica:

Esta é unha asociación, como di a exposición de motivos. O Concello de Monterrei non estaba adherido á Ruta do Viño Monterrei e dende o Grupo Popular consideramos importante que o noso concello estea adherido a ela, dado o importante sector vitivinícola que temos.

Sométese a continuación a moción a votación e o Pleno, por unanimidade, ACORDA aprobar a moción do Grupo Popular de Monterrei sobre a adhesión do Concello de Monterrei á asociación Ruta do Viño Monterrei.

Tralas mocións presentadas polo Grupo Popular, o alcalde pregunta aos voceiros dos outros grupos políticos se teñen algunha moción por urxencia máis, ao que lle responden que non, polo que se pasa ao apartado de control e fiscalización das actuacións dos órganos de goberno, ROGOS E PREGUNTAS.

Toma en primeiro lugar a palabra o concelleiro do BNG, Alberto Rodríguez García, e formula os seguintes pedimentos e preguntas:

- Quero solicitarlle ao alcalde que faga os trámites oportunos para aumentar a potencia do cadro eléctrico do campo da festa de aquí, de Albarellos. Parece ser que houbo problemas na festa porque Fenosa cambiou o limitador, que estaba a 200 e pasouno a 160. E para que non haxa eses problemas, non sei se pode haber unha solución para aumentar a potencia.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Toma a palabra do secretario e dille:

- Un problema era que había moitos enganches ilegais, iso foi o que vin eu. Eu aínda non me explico como aguantou.

Dille entón o voceiro:

- Veu un electricista miralo porque saltaban os automáticos e nunca houbo ese problema, e dixo que o limitador estaba en 160 e que non era suficiente para todos os aparatos.

O alcalde di entón:

- Mirarémolo.

Continúa o voceiro do BNG:

- Solicito tamén que se fagan as xestións oportunas para a limpeza do río Rubín, aquí en Albarellos.

Ao que o alcalde lle di:

- Esa é unha actuación que vai facer a Confederación. Estes días vai limpar dende Vilaza ata aquí, ata Albarellos. Xa viñeros os técnicos a mirar e avaliar e farase nestes días.

Segue Alberto Rodríguez:

- Volvo insistir, xa que se está a asfaltar a rúa, no arranxo das beirarrúas, que hai lousas levantadas e tamén, se non se van plantar árbores nos ocos que están baleiros, polo menos, tapalos.

E dille o alcalde :

- Sobre as beirarrúas, temos que seguir pedindo. Seguiremoslle pedindo á Consellería, neste caso de Infraestruturas, que a seguinte actuación, á parte de continuar co aglomerado en quente ata a rotonda, pois que remodele as beirarrúas, que lle fai falta de necesidade.

É a quenda agora da voceira do Grupo Veciños de Monterrei, María del Carmen Sola Pérez que di:

- Vendo o tono do debate de hoxe, o meu primeiro rogo vai ser que xa está ben de tratarnos de novatos. Entón, espero que nas próximas sesións non use ese tono nin nos volva chamar novatos, porque estes novatos, no pouco tempo que levamos, xa conseguimos cambiar o modo de facer as cousas. E sempre di: é que sempre se fixo así. Ben, nos primeiros plenos que tivemos probablemente votamos coa ignorancia, pero agora, a asesoría xurídica deunos a razón nese tema, no de que é ilegal, entón, se están facendo as cousas mal, haberá que cambialas. E noutra cousa que tamén dixo o secretario, que estabamos...

Interrompe o alcalde á voceira para dicirlle:

- Estamos en rogos e preguntas. Cal é o rogo?

Respóndelle a voceira de Veciños de Monterrei:

- O rogo é que non nos chame novatos. Estouno xustificando. E noutra cousa que dixo o señor secretario o outro día sobre os plenos extraordinarios, que sempre se fixo así, un pleno á parte; pois está claro que sempre se fixo así, pero pódense cambiar as cousas.



CONCELLO DE MONTERREI

Rue Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Toma a palabra o secretario para dicir:

- Perdoa un momento. No pleno extraordinario das eleccións sempre se fixo así porque antes os pleno non os presidía o alcalde, viñan da Xunta Electoral de Zona e participaban os membros da Xunta Electoral de Zona, que eu, o outro día, non o quixen dicir.

Pregúntalle entón a voceira oa secretario:

- Pero, cando se cambiou o sistema?

Ao que lle responde o secretario:

- Non sei cando o cambiaron, porque sempre hai que avisar e non sei se poden vir ou non poden vir. Algunha vez tivemos membros da Xunta Electoral de Zona aquí. Entendido?

Continúa entón María del Carmen Sola, dirixíndose ao alcalde:

- Eu simplemente estou dicindo que xa está ben, que cambie o tono cara nós.

E o alcalde dille:

- E viceversa tamén, non?

Dille a voceira:

- Si, e viceversa tamén. Mire, porque debería ademais darlle vergoña que tendo un secretario municipal que se lle presupón uns coñecementos xurídicos e administrativos importantes, despois de tantos anos dedicados a isto, que non saiba e que lle teña que pedir axuda á Asesoría de Deputación en dúas ocasións.

Ao que o secretario di:

- No primeiro informe, xa llo dixen a Limia, por se acaso estaba equivocado.

O alcalde di nese momento, dirixíndose á voceira:

- Aquí si que...vostede si que utiliza un tono que ás veces...E todo o que afecta aos meus funcionarios si que me toca. Entón, seguinte rogo, por favor.

Segue María del Carmen Sola:

- A seguinte pregunta vai en relación coas palabras textuais que dixo antes. O servizo que lles prestamos aos veciños hai que pagalo, pois ben: que pasa co servizo do lixo nas granxas do concello? Como pode ser que se lle estea a cobrar dende o ano pasado 110 € de taxas de recollida de lixo e nin sequera teñen un contedor ali? Están a cobrar un servizo que non prestan.

Di o alcalde:

- O servizo de recollida do lixo é da Mancomunidade.

Continúa a voceira de Veciños de Monterrei:

- Vostede é o presidente da Mancomunidade.

Toma a palabra o secretario para explicar:

- Vostede imaxine que poñemos un contedor en todas as granxas, hai que pasarlle o custo do servizo total. No contedor non poden botar nada máis que aquelas cousas que sexan de uso doméstico. Vostede imaxine que ás granxas lle pasamos o custo real, non son 110 €, ao



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

mellor serán 400 € ou 500 €. E cal é problema? Por que antes non se cobraba e agora se cobra? Porque Sanidade esíxelle un informe de que teñen o servizo de recollida do lixo. E non creo, como a algún señor lle explicamos que lle custe tanto coller o lixo e levalo a un contedor. Por iso se puxo a taxa de 110 €. O servizo téñeno, o que non teñen é o contedor. Vostede imaxine que lle poñemos a todas as granxas un contedor, canto suporía incrementarlle a ese señor o servizo?

Dille María del Carmen:

- Canto di que lles incrementa? 400 €?

O alcalde di tamén:

- Ademais aí hai residuos específicos que non poden ir a ese contedor verde, claro.

Continúa o secretario coa súa explicación:

- Iso sería moi complicado. E os das granxas, dende que Sanidade lles está pedindo os informes de que teñen o servizo de lixo, por iso llelo impuxemos, porque eu non podo certificar que teñen o servizo de recollida do lixo e que non llelo cobramos.

Interrompe nese momento o concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia:

- As contas tampouco son así.

Dille o secretario:

- Limia, se fas as contas do servizo de recollida do lixo sae por ese importe.

O alcalde pregunta agora:

- Estamos nos rogos e preguntas. A pregunta, en concreto, cal é?

Respóndelle a voceira de Veciños de Monterrei:

- Iso:que pasa co servizo do lixo nas granxas do concello? Se lle van poñer o contedor.

Ao que o alcalde lle contesta:

- Pois, na futura sesión contestarémolles. Seguinte pregunta.

A seguinte pregunta de María del Carmen é:

- Ben, visto que o Concello e a Mancomunidade van levar o cine a Vilaza, se ten pensado levalo a algunhas das aldeas que quedan máis alonxadas.

Di o alcalde:

- O do cine da Mancomunidade é froito dun convenio que asinamos co Concello de Verín e ofrécenos a posibilidade dunha proxección en cada concello, dentro dos sete concellos. Aquí, en principio, estaba previsto que fose en Albarellos, creo que Alberto sábeo ben, e estaba previsto que fose o día 26. A axenda do día 26 aquí estaba cargadísima con outra serie de cousas e dixéronnos que non o daban encaixado e, ben, decidiuse facelo en Vilaza. Pero, a actuación é única por cada concello.

Di a voceira:

- Pois o lóxico sería facelo nas aldeas de arriba, Vilaza está a un pasiño de Verín.

E continúa con outra cuestión:



CONCELLO DE MONTERREI

Rue Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

- O ano pasado, que había tanta polémica, houbo actividades culturais no Castelo. Este ano van facer algunha actuación, ou xa se esqueceron do uso público?

Contestálle o alcalde:

- Este ano non me dixeron nada. Non nos esquecemos do uso público. Esas eran unhas actuacións que facía o Xacobeo e o Xacobeo este ano non se puxo en contacto con nós, polo que eu entendo que non vai haber actuacións alí.

Na seguinte intervención a voceira formula o seguinte rogo:

- Que limpen os residuos forestais das rozas que están a facer alí, no contorno do Castelo, porque xa levan un mes acugulados, pero nas rúas.

Dille o alcalde:

- Estamos niso, si.

E segue a voceira:

- Outro rogo é que limpen a canle que hai en Vences, a que baixa de Paluxaus.

Acláralle o alcalde:

- Xa empezaron.

María del Carmen continúa:

- Quería dicirlle tamén que limparan tamén as pistas da concentración parcelaria da zona da Pousa, Mixós, Estevesiños e Vences.

Explicálle o alcalde:

- Aí xa pasou a rozadora e volve estar hoxe. Anda por aí.

Tenta aclarar o concelleiro de Veciños, Francisco Javier Limia:

- Pistas de concentración. Non a pista principal. Pistas de concentración que ás veces están pechadas.

Ao que o alcalde lle di:

- Niso estamos. O que pasa é que como tiñamos tanto, fixéronse as máis grandes.

Segue María del Carmen:

- Outro tema que lle quería comentar e que xa falei disto co Rafa. El está ao tanto que saíu unha subvención no DOG do 8 de xullo, estas que dan da Rede Natura, e sería esta igual unha boa ocasión para aproveitar e facer unha daquelas catro áreas de lecer que propuxeramos no Pleno de agosto do ano pasado. Valoralo. O que pasa é que espero que non deixen escapalo, porque o prazo é un mes, é moi estreito.

Dille o alcalde:

- Non o deixamos escapar. Algo máis?

É agora a quenda da concelleira de veciños, Yolanda Domínguez:

- A min comentáronme os veciños de aquí de Albarellos, penso que tamén pasa en Vilaza, non sei se é posible, se pode facer de intermediario neste tema. Parece ser que está fallando



CONCELLO DE MONTERREI

Rue Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

o sinal de TV do repetidor do Ladairo. Falla en Albarellos, en Vilaza, non sei se nalgunha aldea máis, incluso Pazos, que a nós Pazos non nos afecta. Se por medio do concello se pode arranxar este problema.

O alcalde dille:

- Ninguén me tiña comentado isto.

Explícalle a concelleira:

- Si, está fallando en varias aldeas. Falla o sinal.

E continúa:

- Outra pregunta era con respecto á obra do cemiterio de Albarellos. Xa está rematada?

Respóndelle o alcalde:

- Eu funo ver e o cemiterio necesita moito.

Di a concelleira de Veciños:

- Necesita moito máis.

Ao que o alcalde lle di:

- Agora o que se lle fixo foi o máis urxente.

Segue Yolanda Domínguez:

- Fíxose a rúa principal.

Di o alcalde:

- Fíxose a rúa principal, pero temos que seguir.

Yolanda continúa:

- E que a auga vén coma o río por todas as rúas e métese nas tumbas.

E o alcalde asinte:

- Eu funo ver e a verdade é que si, pero, ben, pouquiño a pouco é como imos arranxando o cemiterio.

Yolanda di:

-A xente viu que se fixo iso e di: se queda así isto, mal imos.

O alcalde tamén lle di:

- Ben, a min tamén xa me chamou xente para felicitarme. É dicir, hai que velo todo.

Di entón a concelleira:

- Si, si. Este anaco quedou ben, pero falta todo o demais.

E di o alcalde:

- Eu tamén o pensei pero cando vin aquilo xa dixeran que aí estamos falando dunha cantidade importante.

Ao que a concelleira engade:



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

- Entra a auga en moitas sepulturas.

E por último, toma a palabra de novo a voceira de Veciños de Monterrei, María del Carmen Sola para dicir:

- Unha última cousa: botounos na cara que saíra na prensa a moción á vez que a rexistramos o mesmo día, pero eu penso que máis grave é informarse pola radio que nos vai votar en contra unha moción.

Pregúntalle o alcalde:

- Iso que é: rogo ou pregunta?

Respóndelle a voceira de Veciños:

- Nada, un comentario.

E remata o alcalde:

- Pois nada, que conste na acta. Moitas grazas a todos.

E sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e redáctase esta acta, que o presidente asina comigo, o secretario, que dou fe.

O presidente,



O secretario,